

Exped. Núm. 111/2023 (AE/cvp)

PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE DIFÍCIL COBERTURA DE DETERMINADO PERSOAL ESTATUTARIO CON TÍTULO DE ESPECIALISTA EN CIENCIAS DA SAÚDE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA O ANO 2023

Logo de ver o proxecto citado, e en cumprimento do que se dispón no artigo 7.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aprobou o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia, e no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME

1. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da oferta de emprego público, que se aprobará polos órganos de goberno das administracións públicas e que, como instrumento de xestión da provisión das necesidades de persoal poderá conter ademais medidas derivadas da planificación de recursos humanos, tal e como así se dispón no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O obxecto do presente decreto é a aprobación, precisamente, dunha oferta de emprego público para a provisión de postos de difícil cobertura consonte ao marco normativo que de seguido se sinala.

A Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, tendo en conta as dificultades excepcionais relacionadas coa escaseza de profesionais médicos de familia, incorporou, no seu artigo 35, medidas extraordinarias en materia de planificación e ordenación de recursos humanos para o fortalecemento da atención primaria. Entre esas medidas inclúese a creación da nova categoría estatutaria de facultativo/a especialista de atención primaria, cunhas características específicas no tocante ao desenvolvemento das súas funcións que gardan relación cos lugares de

prestación do servizo, dispoñibilidade e xornada previstas.

No número 3 dese artigo 35 xa se prevé a tramitación no ano 2022 dun proceso selectivo, polo sistema de concurso, para acceder á condición de persoal fixo da nova categoría coa finalidade de acadar unha diminución do importante déficit de persoal médico de familia.

Para posibilitar a incorporación urxente do primeiro grupo de profesionais da nova categoría, mediante o Decreto 38/2022, do 24 de marzo, aprobouse a oferta de emprego público correspondente á categoría de persoal estatutario facultativo/a especialista de atención primaria para o ano 2022, ao abeiro do cal foron adxudicadas 106 prazas.

Con posterioridade publicouse a Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, co ánimo de dar continuidade a esas medidas extraordinarias do art. 35 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, antes citada, que contribúan a garantir a adecuada atención sanitaria de toda a poboación galega.

Esta nova disposición regula un réxime extraordinario e transitorio de acceso a postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario co título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde prevendo, en particular, que durante un prazo de tres anos desde a entrada en vigor desta lei, se poidan convocar procesos selectivos específicos, polo sistema de concurso, co fin de impulsar a incorporación urxente, estable e permanente de persoal aos postos de difícil cobertura dos colectivos relacionados no seu artigo 1.

O carácter extraordinario desta oferta, e o seu obxectivo de incorporar 421 efectivos, debe manifestarse non só na elección do concurso como sistema de selección, senón tamén, no momento en que deban producirse as incorporacións aos postos elixidos e adxudicados. Así, con base no que establece o artigo 20.3 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, así como no artigo 2 da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, imponse o máximo rigor na exigencia da incorporación efectiva ao servizo como requisito para adquirir a condición de persoal estatutario fixo, prevendo expresamente que o persoal seleccionado nos concursos que se executen en aplicación da Lei 2/2022 deberá incorporarse de modo efectivo e permanente ao servizo activo, no destino adxudicado, para adquirir a condición de persoal estatutario fixo.



Así, se as persoas inicialmente nomeadas, pero non incorporadas ao servizo activo pola súa vontade, non perfeccionasen o seu nomeamento, serán chamadas no seu lugar outras que estean realmente interesadas na ocupación activa e efectiva dos postos ofertados. Unicamente desta forma poderá garantirse que esta oferta extraordinaria de emprego produza o resultado que a xustifica.

Para estes efectos procede recordar que, tal e como dispoñen o artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e o artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, toda oferta de emprego é un instrumento para a provisión de necesidades de persoal - neste caso necesidades urxentes nos ámbitos descritos- e, ademais, pode conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Continuando coa descrición do marco normativo considerado cómpre sinalar que, a oferta de 421 prazas que se pretende aprobar ten un carácter parcial e anticipado respecto á oferta xeral, para o 2023, que será aprobada para o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e ten amparo no que establecen, respecto á oferta de emprego público e á taxa de reposición de efectivos, o artigo 12 da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, e o artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

Este último artigo autorizou unha taxa de reposición do 120 por cento nos sectores prioritarios, considerando para tales efectos como sector prioritario as Administracións Públicas con competencias sanitarias respecto das prazas de persoal estatutario e equivalente dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde. En consecuencia, en execución das normas establecidas no artigo 20. Tres. 1 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, para a aplicación da taxa de reposición de efectivos, o número total de prazas autorizadas que resulta é de 1.630, e nese total ten o seu encaixe a oferta anticipada de 421 prazas obxecto deste decreto.

2. RAZÓN DE SER E UTILIDADE DO PROXECTO

Con base no marco normativo descrito, o decreto ao que se refire o presente informe vai destinado a aprobar a oferta de emprego público, cun total de 421 prazas, e a impulsar unha tramitación áxil da correspondente convocatoria dos procesos selectivos, máxime nas circunstancias sanitarias actuais, que fan necesario realizar con urxencia calquera medida que permita incrementar os recursos de persoal nos



hospitais dos distritos sanitarios de Cee, A Barbanza, A Mariña, Monforte de Lemos, Verín, O Barco de Valdeorras e O Salnés, en atención primaria tanto con persoal da especialidade de medicina familiar e comunitaria como de pediatría e as súas áreas específicas, así como persoal facultativo especialista de área en Psiquiatría e Psicología Clínica e enfermeira/o especialista de Saúde Mental necesario para o desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 (período 2020-2024). A presente oferta pretende a cobertura de postos vacantes a consecuencia: da inexistencia de aspirantes nas listas de selección temporal nalgúns especialidades e áreas; da non solicitude dos postos no concurso aberto e permanente; á vista da adopción de medidas extraordinarias en especialidades como Medicina Interna e Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía nas que para poder garantir a asistencia desprazouse a persoal doutras áreas sanitarias en comisión de servizos; da realización de convocatorias de selección temporal sin éxito e da persistencia da imposibilidade de cobertura das vacantes na actualidade.

3. TRÁMITES PRACTICADOS

O proxecto normativo consta dos seguintes informes e trámites cubertos:

1. Memoria xustificativa do 23.02.23, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
2. Memoria económica do 23.02.23, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
3. Certificación da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 23.02.23, na que se sinala que todas as prazas de persoal estatutario ás que se refire a oferta están dotadas orzamentariamente.
4. Informe sobre o cálculo da taxa de reposición Decreto OPE Persoal Estatutario 2023, asinado en data 23.02.23, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
5. Certificado da Subdirección Xeral de Políticas de Persoal, pertencente á Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 28.02.23, no que se fai constar que, na sesión da Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde do 8 de febreiro de 2023, se deu traslado ás organizacións sindicais integrantes desta, como parte da orden do día, de copia do texto do proxecto de decreto, aos efectos da súa negociación.
6. Informe da Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 02.03.23.
7. Informe favorable de impacto demográfico, emitido pola Dirección Xeral de



- Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, da Consellería de Política Social e Xuventude, do 02.03.23.
8. Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública, de data 08.03.23.
 9. Informe da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, do 09.03.23.
 10. Informe favorable da Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, do 20.03.23.

4. CONTIDO E ESTRUTURA DO DECRETO

O proxecto normativo examinado consta dunha parte expositiva, nove artigos, dúas disposicións derradeiras e un Anexo.

O contido é o seguinte:

Artigo 1. Aprobación dunha oferta de emprego público para a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde

Artigo 2. Cuantificación da oferta de emprego público

Artigo 3. Sistema de selección e convocatoria

Artigo 4. Órganos de selección

Artigo 5. Promoción interna

Artigo 6. Persoas con discapacidade

Artigo 7. Acreditación do coñecemento da lingua galega

Artigo 8. Criterios xerais de xestión e publicidade do concurso

Artigo 9. Igualdade en relación coas condicións de emprego da Administración Pública

Disposición derradeira primeira. Habilitación.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Anexo. Relación prazas ofertadas

Así, aos efectos de salientar algúns dos aspectos claves da norma, cómpre sinalar o seguinte.

Por medio deste decreto apróbase, como oferta parcial e anticipada á correspondente a taxa ordinaria do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023, unha oferta de emprego público para a incorporación urxente, estable e permanente de persoal aos postos de difícil cobertura dos colectivos relacionados no artigo 1.





O artigo 2 indica que o número total de prazas que integran esta oferta ascende a un total de 421.

O sistema de selección será o concurso. Así o refire o artigo 3 ao tempo que sinala que as convocatorias que executen a oferta de emprego concretarán o número de postos ofertados por centro, a categoría e a especialidade, recollerán o sistema de selección por concurso, consonte o baremo de méritos, e xustificarán a súa procedencia. Tamén neste artigo se recollen certas especificidades no tocante, en particular, ao horario e á incorporación e permanencia no desempeño efectivo dos postos adxudicados.

No artigo 5 regúlase o órgano de selección prevendo que poida ser un tribunal único por subgrupos de clasificación, para as distintas categorías estatutarias mencionadas neste decreto, sen prexuízo de que poida estar asesorado, de ser preciso, por especialistas nas correspondentes categorías.

Establécese unha porcentaxe de prazas reservadas para o sistema de promoción interna do 25 % do total das prazas ofertadas en cada categoría/especialidade, de conformidade co establecido no artigo 6 do decreto.

No artigo 7 resérvanse 22 prazas para seren cubertas entre persoas con discapacidade xeral, sempre que acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Valorarase no concurso o coñecemento da lingua galega, nos termos que se establezan nas bases da convocatoria.

O artigo 8 fixa criterios xerais de xestión e publicidade do concurso para o que terá un papel relevante a Oficina Virtual do Profesional (Fides).

Por último, o artigo 9 vai destinado a integrar a perspectiva de xénero no proceso ao que se refire o decreto, tanto no tocante á convocatoria como dende o punto de vista estatístico.

5. LEGALIDADE, ACERTO E OPORTUNIDADE

De conformidade con todo o anterior, o proxecto de Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023, axústase á legalidade vixente, tendo a súa



base legal nas disposicións normativas citadas no corpo deste informe.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte

PROPOSTA

Informar favorablemente este proxecto de decreto conforme a súa legalidade.

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

María Jesús Rúa Moure

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

